

EXTRACTO da Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras do certame Cooperativismo no ensino, dirixido ao alumnado dos centros educativos de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR802O).

BDNS (identif.):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 11 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans>).

Primeiro. *Participantes*

Poden participar no certame os centros educativos de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, educación especial, formación profesional e de ensinanza de réxime especial de Galicia.

Segundo. *Obxecto e finalidade*

O certame ten por obxecto difundir e promover o cooperativismo entre o alumnado dos centros de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, educación especial, formación profesional e de ensinanza de réxime especial de Galicia, impulsando a realización de actividades de fomento do cooperativismo nos centros educativos.

Pódense presentar traballos nas seguintes modalidades:

- a) Actividades artísticas, tales como debuxos, pinturas, maquetas, fotografías, vídeos ou calquera tipo de creación dixital, dirixida ao alumnado dos centros de educación infantil, primaria e educación especial.
- b) Actividades cooperativizadas, dirixida ao alumnado dos centros de educación secundaria obrigatoria e educación especial.

c) Proxectos empresariais cooperativos, dirixida ao alumnado dos centros de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras do certame Cooperativismo no ensino, dirixido ao alumnado dos centros educativos de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR802O).

Cuarto. *Contía*

O orzamento total ascende a vinte e oito mil euros (28.000,00 €).

Na modalidade de actividades artísticas concederáse un total de catro premios ao mellor traballo e catro accésits, por un importe de dous mil cincocentos euros (2.500,00 €) e mil cincocentos euros (1.500,00 €), respectivamente.

Na modalidade de actividades cooperativizadas concederáse un total dun premio ao mellor traballo e dun accésit, por un importe de dous mil cincocentos euros (2.500,00 €) e mil cincocentos euros (1.500,00 €), respectivamente.

Na modalidade de proxectos empresariais cooperativos concederáse un premio ao mellor proxecto e un premio ao proxecto finalista, por un importe de catro mil cincocentos euros (4.500,00 €) e tres mil cincocentos euros (3.500,00 €), respectivamente.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes e dos traballos remata o 28 de abril de 2023. Non obstante, se o período de presentación resulta inferior a un mes, as solicitudes e os traballos poderanse presentar no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Sexto. *Outros datos*

Os importes dos premios correspondentes ás modalidades de actividades artísticas e de actividades cooperativizadas serán aboados aos centros de ensino, que os deberán destinar á adquisición de

material didáctico, audiovisual, informático ou deportivo, ou á realización dunha actividade formativa, deportiva ou cultural dirixida ao alumnado do centro. Na modalidade de actividades cooperativizadas o centro poderá optar por destinar a totalidade ou parte do premio acadado á posta en marcha de proxectos emprendedores cooperativos no propio centro educativo co obxecto de que poidan entrar a formar parte dos programas de emprendemento na economía social e mentorización que desenvolve a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Os importes dos premios correspondentes á modalidade de proxectos empresariais cooperativos serán aboados ás persoas autoras do proxecto.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2023

M^a Jesús Lorenzana Somoza

Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade